

A Galiza, Euskal Herria e Catalunya Nord reivindican o ensino nas linguas propias

O vindeiro sábado, 11 de xuño, Compostela acolle un Galeusca pola diversidade lingüística e cultural no ámbito educativo. Representantes das Escolas Semente (A Galiza), Ikastolen Elkarte (Euskal Herria) e La Bressola (Catalunya Nord) xuntaranse no Museo do Pobo Galego para reivindicar o fin das restricións lingüísticas nos tres territorios.



[photo_camera](#) Alumnado da escola de ensino galego Semente Compostela, nunha actividade ao aire libre o pasado mes de maio.

SUSANA ROIS

08/XUÑO/22

O encontro destas tres entidades rememora un achegamento histórico, afirma o coordinador das escolas de ensino galego [Semente](#), **Sánti Quiroga**. "Somos todas iniciativas populares promotoras dun ensino democrático, laico e renovador, centrado nas respectivas realidades nacionais. Partillamos unha situación moi semellante. Atopámonos con '**políticas glotofóbicas**' negativas para as nosas linguas fronte ás que a sociedade se organiza para facer efectivos os nosos dereitos lingüísticos e culturais".

O próximo sábado encontraranse no **Museo do Pobo Galego** para facer unha declaración conxunta e reivindicar o dereito ao ensino nas linguas propias. Un

dereito "inalienábel" que exige, din, a eliminación de todas as restricións lingüísticas no ámbito educativo "que limitan as oportunidades das futuras xeracións galegas, vascas e catalás". Neste sentido, resaltan a importancia da diversidade cultural como "parte fundamental da base para un desenvolvemento curricular propio".

Inxerencia e involución

Semente, Ikastolen Elkartea e La Bressola concordan en que o momento actual das linguas galega, éuscara e catalá exige un paso adiante fronte aos ataques continuados que están a recibir. Así, denuncian o "incumprimento sistemático da [Carta Europea de Linguas Minorizadas](#) por parte dos poderes legislativos e xudiciais tanto do Estado español como do francés, polo que urxen facela efectiva de forma íntegra co fin de garantir a "protección e difusión do noso patrimonio lingüístico e cultural".

Afondan, sobre todo, na **inxerencia dos tribunais na planificación lingüística educativa**, unha involución "inadmisíbel", que restrinxe a aplicación de modelos plurilingües inmersivos, autocentrados e de recoñecido prestixio internacional".

Malia que a experiencia das tres entidades é diferente e contan cun percorrido específico, reivindican por xunto "a construción dunha **soberanía educativa plena**" en cada unha das nacións de referencia.

Perda de falantes

Desde Iparralde, **Koldo Tellitu**, lehendakari de Ikastolen Elkartea, denuncia, en conversa telefónica con *Nós Diario*, "un ataque sostido no último ano por parte do Constitucional francés e do Goberno de Macron para dificultar a **implantación dun modelo de inmersión lingüística**" que consideran imprescindible para a normalización do éuscaro no sistema educativo.

No caso do galego e do catalán tamén recoñece interferencias pouco alentadoras que **restrinxen o uso das linguas propias nas escolas en favor do castelán**. "Por iso é importante que nos xuntemos, reflexionemos e nos pronunciemos de forma conxunta como están a facer outros axentes en defensa da lingua".

O seu proxecto suma **113 [ikastolas](#), 60.000 alumnos e alumnas e 6.000 persoas traballadoras en Euskal Herría**. "Somos un movemento cun modelo educativo propio, transformador, popular, nacido do pobo e cuxo obxectivo é o pobo; moi centrado no éuscaro e na cultura vasca".

Ao igual que na Galiza e en Catalunya, afirma Tellitu, "**estamos a constatar un descenso no uso e coñecemento do éuscaro** no sistema educativo vasco. A Lei que ten que chegar o ano que vén en Euskadi, despois do pacto educativo, é unha oportunidade moi importante para darlle a volta á situación".

Escolas diversas

Na **Catalunya Nord**, La Bressola acolle máis dun millar de Crianzas de 2 a 11 anos en "aulas verticais". O proxecto, confirma **Eva Bertrana** desde Perpignan,

naceu en 1976 ante a constatación dunha redución do uso do catalán entre a poboación. "Baséase unicamente na recuperación da lingua e da cultura catalás". Atribúe o éxito ao compromiso do equipo pedagóxico, "mais necesitamos que a lingua sexa recoñecida e promovida dunha vez por todas fóra das escolas, e para iso precisamos unha política lingüística real".

Sobre o encontro deste sábado en Compostela, di, "é a constatación de que **non estamos soas**. Non somos indios encerrados na súa propia reserva. Mais dependemos de estados centralistas con medo á diferenza, á diversidade cando o único que reivindicamos é **poder ser o que somos en cada territorio**".

A escola, axente desgaleguizador

A **Semente ensina por volta de 150 crianzas** nos centros de **Lugo, A Coruña, trasancos, Compostela e Vigo**. Ademais, "un grupo impulsor en Ourense abrirá proximamente un escola na cidade", avanza Quiroga. "A nós chegan moitas familias que non tiñan pensado usar a lingua galega como a lingua inicial de crianza pero que concordan co noso proxecto pedagóxico, e ao coñecelo, ao ver o valor do multilingüismo, deciden comezar a educar en galego".

A Semente chega a familias convencidas, pero tamén diversas, moitas delas fartas das "políticas hostís cara o galego no ensino público". Neste sentido, lembra Sánti Quiroga, "[o seminario de Sociolingüística da RAG](#) di que cada tres crianzas que entran no sistema educativo público falndo en galego, dúas saen falando en castelan que fai da escola un **axente desgaleguizador**".

A iniciativa popular, conclúe, é moi importante para reverter esta situación mais Quiroga tamén avoga por reorientar o ensino galego, porque "defendemos o noso proxectos pero tamén o ensino público, para **non restarlle oportunidades ás próximas xeración**".